

DESTINATARIO: CONFRARIA DE PESCADORES DE VILABOA PEDRA DA OLIVEIRA

ACORDO DE AUTORIZACIÓN INICIO TRÁMITE DE CONCESIÓN NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO E PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO "TRANSITORIA", CON VIXENCIA ATA A RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN

Obxecto da concesión: OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO E DE EDIFICIO DE VESTIARIO E GARAXE PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DE VESTIARIO E GARAXE DE MEDIOS MECÁNICOS DA CONFRARÍA
Solicitante: CONFRARIA DE PESCADORES DE VILABOA PEDRA DA OLIVEIRA
Clave: 13-34-21-C-1
Porto: VILABOA (SANTA CRISTINA DE COBRES) - ZONA SUR

ANTECEDENTES

Por resolución do presidente de Portos de Galicia de 15.07.2014 outórgase á confraría de pescadores de Vilaboa a 1ª prórroga da súa concesión administrativa para a ocupación da nave destinada a vestiarios e aseos no porto de Santa Cristina, extinguida por vencemento de prazo o 17.06.2019 sen posibilidade de prórroga.

O **24/03/2020** e número de rexistro de entrada, ten entrada en Portos de Galicia documentación de **SOLICITUDE DA CONCESIÓN** indicada no encabezamento.

O **27/07/2020** a XEFATURA DA ZONA SUR INFORMA FAVORABLEMENTE a través do INFORME-NOTA INTERIOR.

O **25/11/2021** a ÁREA DE EXPLOTACIÓN E PLANIFICACIÓN PROPÓN O ACORDO DE INICIO DE TRÁMITE da concesión E A TRAMITACIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO "TRANSITORIA" NAMENTRES SE TRAMITA A CONCESIÓN.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Vista á solicitude do interesado.

Visto o expediente tramitado de acordo co previsto na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia.

Visto o informe proposta de inicio de trámite, de data **25/11/2021**, de proposta favorable de inicio de trámite da concesión e considerando que o **uso solicitado é acorde cos usos do Art. 55 da Lei 6/2017 de portos de Galicia, xa que non hai DEUP aprobada.**

Considerando que co trámite desta concesión administrativa podería ser compatible co Art. 66 da Lei 6/2017 de portos de Galicia e "a priori" non se observa que prexudica o desenvolvemento das actividades portuarias nin se producen danos a terceiros..

ACORDO DE AUTORIZACIÓN DE INICIO DE TRÁMITE DE CONCESIÓN

Unha vez examinada a documentación presentada, e considerando axeitada a solicitude, **ACÓRDASE A AUTORIZACIÓN DO INICIO DO TRÁMITE DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA** cos datos do encabezamento **E OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓN "TRANSITORIA" DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO, CON VIXENCIA ATA A RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN**



SITUACIÓN DA SUPERFICIE SOLICITADA NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO



Non obstante con carácter previo ó inicio de trámite, **informarse do seguinte:**

1. NOVAS OBRAS NON DESMONTABLES¹ QUE SE SOLICITA REGULARIZAR NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO

NOVAS OBRAS NON DESMONTABLES² QUE SE SOLICITA REALIZAR (REGULARIZAR) NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO

As obras non desmontables foron promovidas por:

- Interesado
- Consellería do Mar – Pesca
- Portos de Galicia



SITUACIÓN		DESCRICIÓN
Terra	En superficie	Necesidad de la Cofradía de guardar la maquinaria para la limpieza de las playas, para lo cual Se hizo cambio de uso de la edificación que se destinaba exclusivamente a Vestuarios masculinos y femeninos. La nueva distribución, conserva el espacio destinado a sala de calderas, y redistribuye los vestuarios reduciendo su superficie, el espacio restante se destina a garaje para la maquinaria. Sin que exista aumento de Superficie ni de Volúmen.

Plano/s e imaxe/s das obras solicitadas:

¹ Definición de desmontable, segundo o Art. 51.2 da Lei 22/1988 de Costas

² Definición de desmontable, segundo o Art. 51.2 da Lei 22/1988 de Costas





DATOS DO/S PROXECTO, E PERSOAL TÉCNICO REDACTOR

ORZAMENTO DO PROXECTO BÁSICO SEN IVE 19.635,00 €

Imaxe da portada do proxecto/documento técnico:

Proxecto: Básico de Cambio de Uso de Edificio de Vestuarios para Usos Pesqueros y Vestuarios
Situación: Puerto de Sta. Cristina de Cobres, Ayto. de Vilaboa
Propiedad: Cofradía de Pescadores "Pedra da Oliveira".

Página 1

visado
1501412.1
24.03.2015
14:26:09



2. OBRAS, EDIFICACIONES E INSTALACIONES DE TITULARIDADE DE PORTOS DE GALICIA QUE SE OCUPAN NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO


OBRAS, EDIFICACIONES E INSTALACIONES DE TITULARIDADE DE PORTOS DE GALICIA QUE SE OCUPAN NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO

Si se ocuparán obras, edificacións ou instalacións de titularidade de Portos de Galicia

SITUACIÓN DAS OBRAS, EDIFICACIONES E INSTALACIONES	DESCRIPCIÓN DAS OBRAS, EDIFICACIONES E INSTALACIONES	ANO DE CONSTRUCCIÓN INICIAL	ANO DE REVERSIÓN OU TITULARIDADE DE PORTOS DE GALICIA	SUPERFICIE OCUPADA EN PLANTA	EDIFICACIONES		
					ALTURA MÁXIMA	SUPERFICIE E VOLUME CONSTRUIDOS E NÚMERO DE ANDARES	VIXENCIA DO IAE
Terra En superficie	VESTIARIOS E GARAXE	2009	2009	108,68 m ²	- m	108,68 m ² - m ³ (B+0andar/es)	NON CONSTA

Imaxe/s aéreas e fotografía/s para a correcta identificación das obras e instalacións:





3. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DESMONTABLES³ QUE SOLICITAN AUTORIZAR (OU REGULARIZAR) NO TÍTULO DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO

INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DESMONTABLES⁴ QUE SE SOLICITAN AUTORIZAR NO TÍTULO DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO

O concesionario NON solicita dispoñer novas instalacións ou equipamentos desmontables na concesión

4. OCUPACIÓN DE SUPERFICIES NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO:

ANÁLISE DA OCUPACIÓN DE SUPERFICIE DO TÍTULO DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO

SITUACIÓN DA SUPERFICIE		ANÁLISE DE OCUPACIÓN DE SUPERFICIE	DESCRICIÓN DA OCUPACIÓN DE SUPERFICIE	ÁREA EN PLANTA (m ²)
Terra	En superficie	SI se ocuparán terreos en terra existentes	ÁMBITO	108,68
	Soterrada	NON se ocuparán terreos soterrados	-	0,00
	Rampla	NON se ocupará rampla existente	-	0,00
Aérea	Voo	NON se ocuparán zonas aéreas ou voos	-	0,00
	Lámina de auga	NON se ocupará lámina de auga	-	0,00
Auga	Foso	NON se ocupará foso existente	-	0,00
	Novo recheo	NON se ocupará lámina de auga para executar novo recheo	-	0,00
			TOTAL	108,68

5. CUMPRIMENTO DA PLANIFICACIÓN PORTUARIA E URBANÍSTICA VIXENTE:

CUMPRIMENTO DA PLANIFICACIÓN PORTUARIA E URBANÍSTICA VIXENTE

DELIMITACIÓN DE ESPAZOS E USOS PORTUARIOS (DEUP)

DOCUMENTO ESPAZOS E USOS VIXENTE	NON
DATA APROBACIÓN ÚLTIMO DOCUMENTO DE ESPAZOS E USOS VIXENTE	-
SUPERFICIE A OCUPAR DENTRO DA ZONA DE SERVIZO DO PORTO	SI
USO DEUP DEFINIDO EN SUPERFICIE A OCUPAR	-
	-
ACTIVIDADE/S SOLICITADA/S (OU AUTORIZADA/S) A DESENVOLVER	VESTIARIOS E GARAXE MEDIOS MECÁNICOS DA CONFRARÍA
COMPATIBILIDADE DA/S ACTIVIDADE/S SOLICITADA/S (OU AUTORIZADA/S) CO/S USO/S	SI Non hai DEUP aprobada. Non obstante os usos solicitados son acordes cos usos definidos no Art 55 da Lei 6/2017 de Portos de Galicia.

PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN PORTUARIA (PEOP)

PLAN ESPECIAL VIXENTE	NON
-----------------------	-----

³ Art. 51.2 da Lei 22/1988 de Costas. Non se autoriza ningunha instalación non desmontable.

⁴ Definición de desmontable, segundo o Art. 51.2 da Lei 22/1988 de Costas



PLANEAMENTO URBANÍSTICO VIXENTE NO SIOUTGA (SE PROCEDE)	
CONCELLO	VILABOIA
TIPO DE DOCUMENTO DO ÚLTIMO <u>PLANEAMENTO URBANÍSTICO VIXENTE</u>	PXOM
DATA APROBACIÓN ÚLTIMO PLANEAMENTO URBANÍSTICO VIXENTE	2019-02-25
ADAPTACIÓN PLANEAMENTO URBANÍSTICO Á LEI 2/2016 DO SOLO DE GALICIA	PXOM adaptado á LOUG
DETERMINACIÓNS URBANÍSTICAS ESPECÍFICAS DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO VIXENTE NO ÁMBITO DA ZONA DE SERVIZO DO PORTO	NON
<p>4.9.B. SISTEMA XERAL PORTUARIO:</p> <p>1. Definición. Forman parte do dominio público portuario os terreos, obras e instalacións fixas dos portos, así como os terreos do dominio público marítimo-terrestre afectos aos portos e instalacións portuarias e así delimitados pola autoridade correspondente (Portos de Santa Cristina e San Adrián). Os mesmos, de conformidade co previsto na lexislación vixente, son cualificados polo presente Plan Xeral como sistema xeral portuario, quedando en consecuencia afectos ao uso e dominio públicos.</p> <p>2. Condicións de uso. Para efectos da súa regulación pormenorizada estarase ao disposto no artigo 56 da LPE.</p> <p>3. Condicións de aplicación O réxime dos espazos portuarios axustarase ao disposto na LPE, na correspondente Delimitación dos espazos e usos portuarios (en adelante DELUP), no planeamento especial que os desenvolvea, no seu caso, e na restante lexislación urbanística ou específica na materia.</p> <p>4. Condicións de ordenación e desenvolvemento nos portos de competencia autonómica (Portos de Galicia).</p> <p>1. Para a ordenación dos recintos portuarios en condicións normais deberá terse aprobado en cada ámbito portuario a correspondente DELUP, e se non, terá que formularse un Plan Especial de Infraestruturas pola Autoridade Portuaria (Servizos Portuarios do Ente Público Portos de Galicia) e terá por obxecto a súa organización interna, así como a regulación das actividades que poidan establecerse no seu interior, e a súa tramitación e aprobación se axustara ao disposto na lexislación urbanística e sectorial aplicable.</p> <p>2. A inclusión do recinto portuario no ámbito dun Plan Especial implica a suspensión do procedemento de concesión de licenzas mentres non se produza a súa entrada en vigor. Non obstante, durante este período poderán autorizarse obras ou actuacións que atendan a normativa transitoria que se axusta.</p> <p>5. Normativa Transitoria nos portos de competencia autonómica (Portos de Galicia). Se non se tivesen aprobado os correspondentes DELUP ou PE respectivos a cada un dos portos (ou se por calquera circunstancia fosen anulados ou perdesen a súa vixencia), aplicarase a presente Normativa transitoria ata a aprobación dos mesmos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Xestión e tutela das zonas de servizo (sistema xeral portuario): calquera actuación no solo, de carácter urbano portuario, deberá contar coa previa concesión ou autorización, segundo sexa o caso, dos organismos portuarios competentes. - Usos permitidos e prohibidos: os indicados na lexislación vixente en materia de portos (Texto refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, -Real decreto lexislativo 2/2011, de 5 de setembro; Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas e o Regulamento xeral para o seu desenvolvemento e execución). - Altura: A altura máxima das edificacións (de coracón) será de 12 metros, exceptuándose desta delimitación aquelas instalacións singulares destinadas ao servizo do porto, tales como depósitos, silos, torres de iluminación e balizamento, etcétera. - Normas estéticas: as edificacións deberán integrarse esteticamente no conxunto do porto, sen provocar roturas coa contorna, por deseño, cor, remates, etcétera, debéndose cumprir coa normativa ditada pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta na zona que sexa de aplicación. 	<p style="text-align: center;">NON APLICA</p> <p>NON APLICA POIS O PLANEAMENTO URBANÍSTICO REMITE A QUE EXISTA UN PLAN ESPECIAL APROBADO. DEBIDO A QUE NA ACTUALIDADE NON EXISTE UN PLAN ESPECIAL APROBADO NO ÁMBITO DO PORTO, PROCÉDESE A COMPROBAR SE SE CUMPLE A DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEXTA DA LEI 6/2017 DE PORTOS DE GALICIA</p> <p style="text-align: center;">NON APLICA</p> <p>1ª Altura máxima: < 12m 2ª Superficie edificable: < 1,5 m2/m2 de edificación 3ª Normas estéticas: as edificacións deberán integrarse esteticamente no conxunto do porto, sen provocar rupturas coa contorna por deseño, cor ou remates, debéndose cumprir a normativa de patrimonio ditada pola dirección xeral da Administración autonómica competente en materia de patrimonio na zona onde sexa de aplicación</p> <p style="text-align: center;">NON</p> <p>Construción/Instalación: -</p>
CUMPRIMENTO DAS DETERMINACIÓNS URBANÍSTICAS ESPECÍFICAS DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO VIXENTE NO ÁMBITO DA ZONA DE SERVIZO DO PORTO	
EN CASO DE NON EXISTIR PLANEAMENTO URBANÍSTICO VIXENTE QUE DETERMINE, INDIQUE SI SE CUMPRE COA DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEXTA DA LEI 6/2017, DO 12 DE DECEMBRO, DE PORTOS DE GALICIA QUE DEFINE AS NORMAS URBANÍSTICAS DE APLICACIÓN DIRECTA	
EXISTENCIA DE CONSTRUCIÓNS OU INSTALACIÓNS FORA DE ORDENACIÓN	

6. PRAZO estimado da concesión:

- a. Prazo máximo estimado da concesión: **10** anos
- b. Prórroga máxima estimada da concesión: **5** anos





7. CONDICIÓN ECONÓMICAS da concesión:

- a) **TAXA POR OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO (TODP)**, conforme ao disposto para a esta taxa no Anexo 5, taxa 02, da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Aboarase por semestres adiantados a partir do día seguinte á data de notificación da resolución de outorgamento do presente título.

O titular aboará por este concepto as **CANTIDADES ANUAIS** seguintes para o **ANO 2021**:

TAXA POR OCUPACIÓN DE SUPERFICIES NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO (DPP):

IDENTIFICACIÓN DA OCUPACIÓN	SUPERFICIE	
	DESCRIPCIÓN ADICIONAL	ÁMBITO COMPLETO DO TÍTULO
VALORACIÓN DA OCUPACIÓN	ZONA DE VALORACIÓN	IFH
	VALOR UNITARIO	29,01 €/m ²
GRAVAME A APLICAR AO VALOR UNITARIO POLA ACTIVIDADE A DESENVOLVER OU DESENVOLVIDA ⁵	6% DO VALOR DO TERREO, POLO USO DE TIPOLOXÍA: ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DAS ACTIVIDADES PORTUARIAS-DEPÓSITO DE MEDIOS MECÁNICOS E VEHÍCULOS DAS CONFRARÍAS/SECTOR PESQUEIRO MARISQUEIRO (NON VEHÍCULOS PRIVADOS) E DEPÓSITO DE REDES, CAIXAS, E OUTROS ENSERES	
ÁREA DA OCUPACIÓN	108,68 m ²	
TAXA UNITARIA (SEN IVE) POR UNIDADE DE SUPERFICIE	0,17 €/m ² anuais	
	SI inclúe a bonificación do 90% conforme ao artigo 40.2.h) da Lei 6/2003	

TAXA POR OCUPACIÓN DE EDIFICACIÓN DE TITULARIDADE PÚBLICA NO DPP:

IDENTIFICACIÓN DA EDIFICACIÓN	EDIFICIO VESTIARIOS E GARAXE DE MEDIOS MECÁNICOS	
	DESCRIPCIÓN ADICIONAL	-
GRAVAME A APLICAR Á TAXACIÓN DA EDIFICACIÓN, POLA ACTIVIDADE A DESENVOLVER OU DESENVOLVIDA ⁶	6% DO VALOR DO TERREO, POLO USO DE TIPOLOXÍA: ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DAS ACTIVIDADES PORTUARIAS-DEPÓSITO DE MEDIOS MECÁNICOS E VEHÍCULOS DAS CONFRARÍAS/SECTOR PESQUEIRO MARISQUEIRO (NON VEHÍCULOS PRIVADOS) E DEPÓSITO DE REDES, CAIXAS, E OUTROS ENSERES	
TAXA UNITARIA (SEN IVE)	256,35 €/ano pola ocupación da edificación	
	104,21 €/ano adicionais en concepto de depreciación	
	SI inclúe a bonificación do 90% conforme ao artigo 40.2.h) da Lei 6/2003	

BONIFICACIÓN DO 90% DA TODP POR CONSTRUCCIÓN OU EXPLOTACIÓN DE NAVES DE ALOXAMENTO DE MEDIOS MECÁNICOS, VEHÍCULOS NON PARTICULARES ASOCIADOS A CONFRARÍAS E ASOCIACIÓNS DO SECTOR PESQUEIRO E MARISQUEIRO: Será de aplicación a bonificación da taxa, total ou parcialmente ao ámbito do título administrativo de ocupación do dominio público portuario, en aplicación do artigo Art. 40.2.h) da Lei 6/2003 de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

⁵ Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Anexo 05. Taxa 02. Ocupación do Dominio Público Portuario. Epígrafe 2 e Instrución da AEPP 1/2011 relativa aos gravames a aplicar no cálculo dos cánones

⁶ Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Anexo 05. Taxa 02. Ocupación do Dominio Público Portuario. Epígrafe 2 e Instrución da AEPP 1/2011 relativa aos gravames a aplicar no cálculo dos cánones



b) **TAXA POR DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES COMERCIAIS OU INDUSTRIAIS E DE SERVIZOS (ACIS)**, conforme ao disposto para a esta taxa no Anexo 3, taxa 03, da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. A liquidación desta taxa será anual.

- O titular aboará por este concepto o unha porcentaxe do **IMPORTE NETO DA CIFRA DE NEGOCIO ANUAL⁷ QUE CORRESPONDERÁ AO 1,0% DAS ACTIVIDADES PORTUARIAS DE MEDIOS MECÁNICOS VINCULADOS ÁS ACTIVIDADES PORTUARIAS⁸** desenvolvidas nas instalacións obxecto da do título de ocupación do dominio público portuario.

Nos valores das taxas non está incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, debendo aplicarse a ditos valores os tipos impositivos vixentes en cada momento.

CALQUERA DAS TAXAS A ABOAR A PORTOS DE GALICIA PODEN SER REVISABLES froito do recoñecemento final das obras ou de inspeccións realizadas por Portos de Galicia no que se identifiquen cambios de uso respecto dos indicados no presente título de ocupación do dominio público portuario **OU NO CASO DE QUE SE REALIZASE O INFORME DE AVALIACIÓN DO EDIFICIO E, NO CASO DE RESULTAR DESFAVORABLE, PORTOS DE GALICIA ASUMISE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN, podendo implicar sancións ou a eliminación da/s bonificación/s e/ou exención/s, se fose o caso.**

RESUMO EXECUTIVO DAS TAXAS TODP E ACIS A DEVENGAR A PORTOS DE GALICIA CONSIDERANDO A/S BONIFICACIÓN/S QUE PODERÍA/N APLICAR NESTE CASO

1.- Resumo de Taxas por utilización privativa, ocupación, ou aproveitamento especial do dominio público portuario (TODP):

TODP TOTAL (OCUPACIÓN DE SUPERFICIES, EDIFICACIÓN E OBRAS E INSTALACIÓN) BONIFICADA COMPLETAMENTE E CONSIDERANDO (SE APLICA) COEFICIENTE DE MELLORA POR CONCURSO. DETALLE DESAGREGADO				
RESULTADO DO CÁLCULO DA TODP BONIFICADA (SEN IVE)	TIPO TODP	COTA TODP BONIFICADA E MELLORADA TOTALMENTE SEN RESULTO DE JUZGAO DE OBRAS	DEPRECIACIÓN TODP MELLORADA E BONIFICADA TOTALMENTE	TOTAL
	SUPERFICIES	18,92 €	-	18,92 €
	EDIFICACIÓN	256,35 €	104,21 €	360,55 €
	OBRAS E INSTALACIÓN	-	-	-
	TOTAL TODP MELLORADA E BONIFICADA TOTALMENTE	275,26 €	104,21 €	379,47 €

2.- Resumo de Taxas portuarias polo exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos (CIS):

Nº DE ACTIVIDADES COMERCIAIS, INDUSTRIAS E DE SERVICIOS A DESENVOLVER: 1

TIPO CIS	ACTIVIDADE ESPECÍFICA	GRAVAME	COTA DA CIS
1) 6. RESTANTES SERVIZOS E ACTIVIDADES COMERCIAIS INDUSTRIAS PORTUARIAS (INDICATIVO, NON LIMITATIVO)	MEDIOS MECÁNICOS VINCULADOS ÁS ACTIVIDADES PORTUARIAS	1,00%	Gravame * Importe neto cifra anual de negocio * coeficiente mellora

Cálculo da CIS a título estimativo-informativo:

ANO DOS DATOS DE CÁLCULO DA CIS	QG PEIXE (LONXAS) OU IMPORTE NETO ANUAL CIFRA DE NEGOCIO (€) (base imponible) <small>Fonte: EPISÓN</small>	GRAVAME MELLORADO DA TAXA CIS (SOMENTE NO CASO DE OUTORGAMENTO POR CONCURSO PÚBLICO)	CIS (SEN IVE) MELLORADA INFORMATIVA
1) SEN DATOS	-	1,00%	-

Cos límites que aplican segundo a Lei 6/2003 de Taxas da CCAA de Galicia

3.- RESUMO TOTAL DE TAXAS (SEN IVE) A DEVENGAR ANUALMENTE A PORTOS DE GALICIA (incluíndo CIS informais) **379,47 €**

A conta das taxas indicadas, verase incrementada co valor do imposto sobre o Valor Engadido (IVE) vixente en cada momento

(O cálculo de canon/taxas, poderá ser recalculado a resultados dos datos obtidos na tramitación da concesión, e no levantamento topográfico no caso de ser realizado)


8. DOCUMENTACIÓN A COMPLETAR por parte do solicitante, a recabar pola ZONA SUR:

TRÁMITE	DOCUMENTO	DESCRIPCIÓN DO DOCUMENTO
DOCUMENTACIÓN A COMPLETAR POLO SOLICITANTE A RECABAR POLA ZONA SUR		3.1 Certificación administrativa positiva <u>expedida pola Axencia Tributaria</u> de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal (indicaranse xenericamente os requisitos cumpridos e o carácter positivo da certificación). Vixencia máxima da certificación: 6 meses
		3.2 Certificación administrativa positiva <u>expedida pola Comunidade Autónoma de Galicia a través da Dirección Xeral de Tributos</u> de non ter débedas de natureza tributaria (indicaranse xenericamente os requisitos cumpridos e o carácter positivo da certificación). Vixencia máxima da certificación: 6 meses
		3.3 Certificación administrativa positiva <u>expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social</u> de atoparse ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social (indicaranse xenericamente os requisitos cumpridos e o carácter positivo da certificación). Vixencia máxima da certificación: 6 meses

⁷ O concepto de importe neto da cifra anual de negocios é o establecido, no Plan Xera de Contabilidade vixente para as empresas españolas, atendendo en cada caso á natureza e forma xurídica de cada empresario. Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia

⁸ Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Anexo 05. Taxa 03. Actividades comerciais, industriais e de servizos. Epígrafes 3.2.A e 3.2.B





		<p>3.4 Certificación administrativa positiva <u>expedida pola Administración Municipal</u> de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda municipal (indicaranse xenericamente os requisitos cumpridos e ó carácter positivo da certificación). Vixencia máxima da certificación: 6 meses</p> <p>Nota: poderase prescindir deste trámite no caso de que esta información veña recollida no certificado do punto 3.1 ou se xustifique adecuadamente a exención de presentar este certificado conforme a normativa vixente</p>
--	--	---

9. **ACTA DE REVERSIÓN:** Previamente á confrontación e nun prazo máximo **DUN (1) MES** a partir do presente acordo, deberase realizarse por parte dos servizos técnicos de Portos de Galicia a reversión das superficies e bens procedentes da anterior concesión.

10. **ACTA DE CONFRONTACIÓN:** realización, con carácter **previo ao trámite da do outorgamento inicial da concesión, acta de confrontación** da parcela con indicación e referencias exactas de medicións dos bens de dominio público a ocupar.

TRÁMITE	PUNTO A REFLECTIR	DESCRIPCIÓN DA CUESTIÓN A REFLECTIR
ACTA DE CONFRONTACIÓN. CUESTIÓN A REFLECTIR EXPRESAMENTE POLA ZONA SUR	1	MEDICIÓN IN SITU E REALIZACIÓN PLANO/S ACOTADO/S QUE DEFINA/N XEOMÉTRICAMENTE A/S OCUPACIÓN/S EN PLANTA NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO
	2	MEDICIÓN IN SITU E REALIZACIÓN PLANO/S ACOTADO/S DO ALZADO DA EDIFICACIÓN E ALTURA MÁXIMA DESTA
	3	<p>CONEXIÓN COAS REDES EXISTENTES (PLANOS E FOTOGRAFÍAS), CON INDICACIÓN DOS CÓDIGOS DE CONTADORES (SE APLICA) QUE PORTOS DE GALICIA DEBE EMPREGAR PARA FACTURAR OS CONSUMOS DE ELECTRICIDADE E AUGA:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Electricidade: necesario presentar plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo • Abastecemento de auga potable: necesario presentar plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo • Saneamento: necesario presentar plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo • Pluviais: necesario presentar plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo • Comunicacións: necesario presentar plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo • Gas: necesario presentar plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo • Outras: necesario presentar plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo

11. **INFORMES a solicitar a OUTRAS ADMINISTRACIÓN S para a tramitación da concesión:**

ÁMBITO ADMINISTRACIÓN	ORGANISMO AO QUE PORTOS DE GALICIA SOLICITARÁ INFORME	MARCAR "X" SE SE SOLICITARÁ INFORME	OBJECTO DO INFORME	
			COMPETENCIA	DATOS PORMENORIZADOS
LOCAL	CONCELLO DE VILABOA	OBRIGATORIO	URBANISMO	

12. **ADVERTENCIA SOBRE A EXPLOTACIÓN DA CONCESIÓN.** Segundo o Art. 90.1.g) da Lei 6/2017 de portos de Galicia, a cesión a un terceiro do uso total da concesión é causa inmediata de caducidade da mesma, polo que o único responsable e explotador da concesión é o titular da mesma.

13. Dado que **NA ACTUALIDADE A OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO E A ACTIVIDADE CONTINUÁN SEN TÍTULO ADMINISTRATIVO NA EXTINTA CONCESIÓN CLAVE 13-34-02-C-1**, Con base no informe proposta da Área de Explotación e Planificación, de acordo de inicio de trámite de data 25/11/2021, se **TRAMITARÁ DE OFICIO UNHA AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO "TRANSITORIA"** en base a documentación achegada para a tramitación da concesión, que regularizará a ocupación do dominio público portuario e a actividade existente e que terá **VIXENCIA EN TANTO EN CANTO NON SE RESOLVA O EXPEDIENTE CONCESIONAL**. As taxas a aplicar serán as mesmas que as indicadas para a concesión solicitada. **NO OUTORGAMENTO DA PRESENTE CONCESIÓN EN TRAMITACIÓN, SE EXTINGUIRÁ O TÍTULO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO "TRANSITORIA" QUE SE OUTORGARÁ ENTRETANTO SE REALIZA O TRÁMITE DA PRESENTE CONCESIÓN.**

14. **CONDICIÓN S PARTICULARES QUE SE PROPÓN INCLUIR NO TÍTULO DA AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO "TRANSITORIA" QUE REGULARICE A OCUPACIÓN ENTRETANTO SE TRAMITA A CONCESIÓN SOLICITADA:**



**CONDICIÓN PARTICULARES AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO “TRANSITORIA”,
ATA OUTORGAMENTO TÍTULO DA NOVA CONCESIÓN**

Dado que na actualidade a ocupación e a actividade continúan sen título administrativo, en base a documentación achegada **se tramitará de oficio unha autorización de ocupación do dominio público portuario** que regularizará a ocupación e a actividade existente e que terá vixencia en tanto en canto non se resolva o expediente concesional.

1ª.- A presente autorización temporal outórgase por un **PRAZO DE CATRO (4) ANOS, PRORROGABLE CATRO (4) ANOS ADICIONAL, COMO MÁXIMO**

2ª.- Independentemente do indicado na condición xeral 2ª deste prego, **ESTA AUTORIZACIÓN EXTINGUIRASE NO MOMENTO DO OUTORGAMENTO DA CONCESIÓN CLAVE 13-34-21-C-1, QUE SE ESTÁ TRAMITANDO PARA O MESMO FIN.**

3ª.- **DADO QUE NON SE FORMALIZOU A ACTA DE REVERSIÓN DO TÍTULO CLAVE 13-34-09-C-1, A ENTRADA EN VIGOR E ASEMADA A DATA DE INICIO DO COBRO DO CANON DO PRESENTE TÍTULO SERÁ A PARTIR DO DÍA SEGUINTE DA DATA DA ACTA DE REVERSIÓN PENDENTE DE REALIZAR.**

4ª.- Segundo o Art. 59.4, esta autorización de ocupación do dominio público portuario **OUTÓRGASE CON CARÁCTER PERSOAL E INTRANSFERIBLE** inter vivos, polo que segundo o Art. 90.1.g) da Lei 6/2017 de portos de Galicia, a **CESIÓN A UN TERCEIRO** do uso total da concesión é causa inmediata de **CADUCIDADE** da mesma, polo que o único responsable e explotador da concesión é o titular da mesma.

Infórmase de que a notificación deste documento realízase obrigatoriamente de forma electrónica e a través do sistema Notifica.gal da Xunta de Galicia, segundo o indicado no Art. 41.1 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Asemade, infórmase de que a notificación recibida e o documento notificado son plenamente válidos segundo os Art. 41.6 e 43 da citada lei. O interesado considerárase como notificado no momento que Portos de Galicia poña a disposición do interesado na sede electrónica a través do sistema Notifica.gal, segundo os Art. 40.4 e 43.3 da citada Lei. Segundo o indicado no Art. 43.2 da mesma lei, se transcorridos dez (10) días naturais desde a posta a disposición na sede electrónica da Xunta de Galicia o interesado non accede a esta, se entenderá que a notificación é rexeitada aínda que notificada e plenamente efectiva, proseguindo Portos de Galicia cos trámites que procedan do procedemento administrativo, sen que sexa preciso ningún acto de publicación en diarios oficiais.

Este acordo notifícase segundo o esixido no Artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Acorda a **Presidencia de Portos de Galicia**, co visto e prace da **Dirección Xeral** segundo o informe da Área de Explotación e Planificación.





ANEXO I. ÁMBITO DA CONCESIÓN SOLICITADA

